



RESOLUCIÓN do 22 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais das persoas aspirantes definitivamente admitidas nos procesos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas, e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 7 de abril de 2017 (Diario Oficial de Galicia do 17 de abril),

Aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas pola Resolución do 16 de xuño de 2017, e dado que nalgunhas especialidades dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres foi nomeado máis dun tribunal, procede determinar as persoas aspirantes que corresponde xulgar a cada tribunal, polo cal esta esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a asignación aos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas, e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres das persoas aspirantes definitivamente admitidas, segundo os criterios de distribución establecidos na base primeira , punto 5 da citada orde de convocatoria.

Segundo. Ordenar a publicación da asignación de persoas aspirantes aos distintos tribunais no portal de Internet da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no enderezo www.edu.xunta.es.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

